

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE CAMPOSANCOS PARA O PROXECTO DE ABASTECIMENTO DE AUGA AO PICO SAN FRANCISCO NO MONTE DE SANTA TREGA- A GUARDA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Comunidade de Montes Veciñais en man común de Camposancos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten como obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a comunidade de Montes Veciñais en man común de Camposancos para o proxecto de abastecemento de auga ao pico San Francisco no monte de Santa Trega, garantindo o servizo constante de auga potable sanitaria nas edificacións e servizos alí situados.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.

No artigo 9 dos Estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establécense entre as súas funcións ou competencias a dirección das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a



xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago

Segundo.- O artigo 1 da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común, define o monte veciñal en man común e rexeranse por esta lei os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais en calidade de grupos sociais e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.

A CMVMC Camposancos é unha comunidade de montes veciñais en man común, que ten como obxecto social a regulación da administración, disfrute e aproveitamento dos montes veciñais en man común da parroquia de Camposancos que forma parte do concello de A Guarda.

Terceiro.- O Monte Santa Trega está situado no concello da Guarda, na súa cima atópase situado o castro de Santa Trega, declarado Monumento Histórico Artístico Nacional no ano 1931, e tendo a consideración de Ben de Interese Cultural. Debido á súa importancia histórica e enclave xeográfico trátase do castro galego máis emblemático e visitado.

O Monte de Santa Trega ten dous picos, o pico do Facho e o pico de San Francisco a 341m de altura, onde se atopa a ermida de Santa Trega. No exterior atópase ademais un cruceiro de 1685 no que podemos vela imaxe de San Francisco de Asís. Ademais localízanse estacionamentos de vehículos, baños públicos, establecementos hostaleiros e o Museo Arqueolóxico de Santa Trega (MASAT). A zona conta con servizos garantidos de electricidade, sen embargo o subministro de auga realízase mediante un depósito de auga potable que se enche dependendo dun servizo de camiións para o subministro.

Cuarto.- Preténdese dar auga potable sanitaria ás edificacións e servizos situados no Pico S. Francisco mediante a instalación dun bombeo no depósito base con tubaxe enterrada, para subir auga ao novo alxibe do pico San Francisco onde se localizan un grupo centralizado de infraestruturas.



O trazado da tubaxe de abastecemento discorre pola ladeira Sueste do Monte Santa Trega, unha parte por terreos da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Camposancos e a maior parte por camiño público, sen asfaltar, do concello da Guarda.

Trátase de pistas forestais realizadas en saburra de ancho variable, as pistas foron realizadas escavando a ladeira no lado superior e enchendo o lado inferior. As pistas están emprazadas en chan de protección especial monte Sta Trega. O acceso ás pistas forestais realízase dende a praza de San Amaro no ELM Camposancos e estrada de subida ao monte Sta Trega.

As actuacións a levar a cabo consistirán nunha instalación de preto de 2 km de tubaxe para a cal se realizará a escavación dunha gabia de 90 cm de profundidade co fondo de area para asentala tubaxe. Construirase ademais un alxibe superior que será un depósito de 300 m³ de capacidade para abastecemento de auga potable que será executado in situ mediante estrutura de formigón armado, encofrado a dúas caras e armado con aceiro dividido en dous compartimentos. Así mesmo, dentro do depósito base instalarase un grupo de bombeo consistente en 2 bombas (unha principal e outra de reserva) de funcionamento alterno e o cadro xeral de mando e protección das bombas.

Quinto.- O proxecto a desenvolver entre a Axencia Turismo de Galicia e a MVMC Camposancos a través do presente convenio de colaboración responde ao interese común de ambas as dúas partes. Con esta actuación preténdense potenciar os elementos patrimoniais e naturais do concello, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da zona.

Para poñer en valor, divulgar e conservar o conxunto arqueolóxico, así como potenciar a oferta turística da comarca, débese potenciar o uso do conxunto como un espazo natural e cultural, polo tanto faise necesario este proxecto de salubridade deste espazo xa construído que alberga aseos para visitantes así como servizos de hostalaría.



Por este motivo resulta de interese público para o turismo de Galicia a participación e apoio nas accións obxecto do presente convenio, como medidas encamiñadas á reactivación do sector turístico fronte aos efectos derivados da crise sanitaria provocada pola COVID-19. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1.a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser a citada Comunidade a única entidade que poden desenvolver o seu obxecto ..

Por todo o exposto, as partes formalizan este convenio de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

